



CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Ocupación en establecimientos regrados

Xaneiro 2018

Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de xaneiro de 2018**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento regrado da comunidade –establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, cámpings e establecementos de turismo rural- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2017 e anteriores.


XANEIRO 2018

Tab 1. Viaxeiros, noites, estadia media e grao de ocupación nos establecementos regrados. Xaneiro 2018

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17	%	Var. Int. 18/17
HOTEIS	140.631	3,2%	246.794	9,1%	1,75	5,8%	25,02%	3,25
PENSIÓNS	20.186	-9,5%	51.414	-9,4%	2,55	0,1%	11,83%	-1,09
ESTAB. HOTELEIROS	160.817	1,4%	298.207	5,4%	1,85	4,0%	20,97%	1,84
APTOS. TURÍSTICOS	3.556	-10,1%	10.246	-13,2%	2,88	-3,4%	11,20%	0,59
CÁMPINGS	118	2,6%	206	-17,9%	1,75	-20,0%	4,34%	-2,22
TURISMO RURAL	4.459	-0,8%	7.123	-9,4%	1,60	-8,7%	5,07%	-0,39
ESTAB. EXTRAHOTEL.	8.133	-5,1%	17.575	-11,8%	2,16	-7,1%	-	-
TOTAL	168.950	1,0%	315.782	4,3%	1,87	3,2%	-	-

- No pasado mes de xaneiro Galicia rexistra un incremento global do volume de demanda turística regrada superando nun 1,0% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 4,3% o volume de pernoctacións do mesmo período do anterior 2017.
- É o cuarto ano consecutivo no que se observa un crecemento da demanda turística en Galicia no mes de xaneiro. Logo das caídas rexistradas de 2009 a 2014 –durante seis anos consecutivos- os niveis de demanda recupéranse levemente en 2015 –cunha suba do 1,6%-, dato que precede aos incrementos rexistrados en 2016 –do 10,3%-, en 2017 –do 5,9%- e agora en 2018 –do 4,3%-. Esta dinámica permite xerar máis de 60 mil novas pernoctacións en catro anos e situar o nivel final en preto de 316 mil no conxunto da oferta regrada de Galicia, a cifra máis elevada dos últimos nove anos.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é moi semellante. O incremento deste ano engádese ao dos tres anteriores, sendo do 10,9% en xaneiro de 2015, do 13,0% en 2016, do 5,3% en 2017 e do 1,0% agora en 2018. O resultado desta tendencia eleva a cifra final a preto de 169 mil viaxeiros no conxunto da comunidade, o dato máis alto desde o 2008.
- Comeza o 2018 cun resultado positivo en termos de evolución da demanda turística, circunstancia que da continuidade á tendencia observada no pasado 2017 cando se rexistraron crecementos en practicamente todos os meses do ano –agás en febreiro e en abril, este último por mor do efecto do calendario coa celebración da Semana Santa-.


Fig. 1. Volume de noites nos establecementos regrados. Mes de Xaneiro 2005-18



- En termos de volume as variacións deste mes tradúcense na xeración de algo máis de 1.700 viaxeiros aloxados e de 13 mil novas pernoctacións en relación ao mes de xaneiro de 2017.
- A nivel estatal obsérvase igualmente un incremento da cifra de viaxeiros aloxados –do 2,2%– mais un estancamento do volume de noites en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Dúas comunidades do norte peninsular, concretamente Aragón e Navarra –con incrementos do 14,8% e 10,0% respectivamente– son as que lideran o crecemento da demanda a nivel estatal. Sitúanse por diante doutras nove sendo en total once os destinos con comportamento positivo. Neste grupo é Castela A Mancha a comunidade que amosa o incremento de menor intensidade, máis modesto –de apenas o 1% interanual–.
- Neste contexto a nosa comunidade sitúase nunha posición alta en termos de intensidade, por detrás neste caso de Aragón, Navarra e Cantabria. Rexistra por tanto unha das taxas máis elevadas de crecemento en relación ao pasado ano.
- Seis destinos presentan un comportamento diferente en relación aos anteriores. Dunha banda Andalucía e a C. Valenciana –onde os niveis de demanda se manteñen estables en relación ao pasado ano– e doutra banda Murcia, A Ríoxa, Canarias e Asturias –destinos con caídas da demanda en relación a xaneiro de 2017–.
- Do lado dos viaxeiros aloxados a situación é semellante sendo neste caso Cantabria e Aragón os destinos que lideran o incremento a nivel estatal –cun 18% e 10% respectivamente–.
- Desde a perspectiva do volume Galicia ocupa neste mes a novena posición representando o 1,5% do total de España –posición inferior á rexistrada nos últimos meses de 2017–. Canarias é o destino de maior peso en termos de demanda turística regrada con preto de 8,6 millóns de pernoctacións no mes de xaneiro –o 40,9% do total–. Sitúanse a continuación Andalucía –con case 2,8 millóns de pernoctacións–, Cataluña –con preto de 2,4 millóns–, a C. Valenciana –con pouco máis de 2,3 millóns– e Madrid –con algo máis de 1,9 millóns neste caso–. Só estas cinco comunidades agrupan ao 86,0% do total da demanda turística regrada do conxunto de España.

- En xaneiro o 94,4% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 78,2%- coma ás pensións –co 16,3% neste caso-. O 5,6% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 3,2% da demanda total- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 2,3% neste caso-. Os cámpings teñen un peso pouco significativo neste mes con apenas o 0,1% do total da demanda –circunstancia propia neste caso dun período de temporada baixa-.
- Esta estrutura da demanda é moi propia e característica dun mes de temporada baixa.


Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento regrado. Xaneiro 2018



- Por tanto, o comportamento global da demanda turística regrada vén moi condicionada pola evolución rexistrada nos establecementos hoteleiros, e particularmente nos hoteis. Continúa a ser con diferenza a tipoloxía de maior volume e peso na estrutura da demanda –absorben a case catro de cada cinco noites dentro do aloxamento regrado-.
- En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste mes un comportamento claramente dispar. Dunha banda sobe a demanda nos hoteis, única modalidade na que se observa tal circunstancia, superando nun 9,1% as cifras do pasado ano –consecuencia dun incremento paralelo da cifra de viaxeiros aloxados e da estadía media-.
- Doutra banda obsérvase un descenso da demanda nas restantes catro tipoloxías, sendo do 9,4% nas pensións e nos establecementos de turismo rural, do 13,2% nos apartamentos turísticos e do 17,9% nos cámpings. No caso das pensións e dos apartamentos turísticos a caída responde a un descenso paralelo da cifra de viaxeiros aloxados. Nos cámpings e nos establecementos de turismo rural o motivo reside nunha caída da estadía media nun contexto de estancamento da cifra de viaxeiros.
- En termos agregados obsérvase un incremento da demanda no segmento hoteleiro –hoteis e pensións- do 5,4% e obviamente unha caída no segmento extrahoteleiro –apartamentos turísticos, cámpings e turismo rural- do 11,8% en relación ao pasado ano.


- Así pois, o comportamento positivo da demanda turística regrada neste mes de xaneiro vén como consecuencia do crecemento observado particularmente nos hoteis. O seu maior peso na estrutura global posibilita que este incremento neutralice a caída rexistrada nas restantes catro modalidades e se acade, en termos globais, un mellora en relación a xaneiro do pasado ano.

Fig. 3. Variación interanual dos viaxeiros e noites en estab. regrados. Xaneiro 2018/17, por tipoloxías




- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na xeración de algo máis de 15 mil noites no segmento hoteleiro e na perda de máis de dúas mil noites no ámbito extrahoteleiro en relación ao mes de xaneiro do pasado ano. O comportamento é, por tanto, moi dispar.
- Dentro do segmento hoteleiro xa se viu diferenza de comportamento entre os hoteis e as pensións. Esta diferenza trasládase ademais ás diversas categorías. En síntese, sobe a demanda en todos os segmentos dos hoteis, sendo especialmente intenso o crecemento naqueles de maior categoría –hoteis de catro e cinco estrelas, cunha suba do 12,5%-. Nos hoteis de unha a tres estrelas o incremento é de menor intensidade e variable –do 3% nos de tres estrelas, do 8% nos de dúas estrelas e do 4% nos de unha estrela-.
- No lado das pensións obsérvase neste caso un comportamento dispar. Increméntase a demanda naquelas de tres e dúas estrelas –un 2,3%- mais cae nas de unha estrela –un 22,4% neste caso-, circunstancia que xa se viña observando ao longo do pasado ano 2017.
- Neste mes de xaneiro o 81,9% da demanda turística regrada corresponde ao turismo nacional, segmento que inclúe tanto ao turismo interno -o dos residentes en Galicia- como ao receptor nacional -aqueles que proveñen das restantes comunidades autónomas do Estado-. O 18,1% restante corresponde en cambio ao turismo internacional. Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións e aseméllanse bastante á estrutura observada en termos de viaxeiros –neste ámbito o peso do turismo nacional sitúase no 84,0% mentres que o internacional representa o 16,0%-. Esta distribución é propia dun mes de temporada baixa no que o peso do turismo estranxeiro queda por debaixo do 20%.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto da oferta regrada. Xaneiro 2018



- En termos de mercado obsérvase un comportamento homoxéneo neste mes de xaneiro, con variacións de diversa intensidade. O turismo nacional presenta un comportamento positivo superando nun 3,3% os niveis de demanda do pasado ano como consecuencia esencialmente dunha mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros españois mantense relativamente estable. Son tres anos de crecemento consecutivo do turismo nacional en Galicia no mes de xaneiro situando o nivel deste 2018 en preto de 260 mil noites –a cifra máis elevada dos últimos nove anos-.


Fig. 5. Variación interanual dos viaxeiros e pernoctacións por procedencia, nos estab. regrados. Xaneiro 2018/17



- O turismo internacional presenta tamén unha dinámica positiva superando nun 5,0% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 9,1% o volume de noites de xaneiro de 2017. Neste caso son catro anos consecutivos de crecemento do turismo internacional en Galicia no mes de xaneiro –a taxas variables- que sitúan os niveis deste 2018 en máis de 27 mil viaxeiros e en máis de 57 mil noites.

- O maior incremento do turismo internacional fronte ao nacional, en termos relativos, permite ao primeiro gañar peso na estrutura da demanda en Galicia e acadar neste primeiro mes do ano o 18,1% de cuota sobre o total. A cifra é pequena e propia dun mes de temporada baixa mais desde unha perspectiva dinámica obsérvase que nunca antes o mercado internacional acadara o 18% de peso no mes de xaneiro. Sendo, por tanto, un mes con baixo peso do turismo estranxeiro este continúa a gañar cuota de demanda no mercado turístico galego.
- O comportamento dos dous segmentos de mercado diferénciase en relación ás grandes tipoloxías de aloxamento. Ambos melloran os niveis de demanda no sector hoteleiro –un 4,6% o nacional e un 9,3% o internacional- mais na oferta extrahoteleira o comportamento é dispar –o turismo nacional descende neste caso un 14,1% e o internacional, en cambio, sobe un 4,0%.
- A estadía media nos establecementos regrados de Galicia sitúase en 1,87 noites, cifra que se incrementa nun 3,2% en relación ao pasado ano. A evolución da estadía media nos últimos anos é dispar, alternando períodos de crecemento con caídas sen marcar unha tendencia clara. Por cuarto ano consecutivo a estadía media no mes de xaneiro fica por debaixo das dúas noites de media.
- Os apartamentos turísticos son a modalidade que presenta as estadías máis elevadas, con preto de 2,9 noites de media neste mes de xaneiro. As restantes tipoloxías rexistran cifras máis baixas e variables: son preto de 2,6 noites nas pensións, 1,75 noites nos hoteis e nos cámpings e 1,6 noites nos establecementos de turismo rural –tipoloxía que unha vez máis rexistra o dato máis baixo de toda a oferta regrada-. Esta estrutura aseméllase moito á observada nos últimos meses do pasado 2017.


Fig. 6. Estadía media nos establecementos regrados. Xaneiro 2018



- En termos dinámicos a estadía media varía de forma dispar en relación coas diferentes tipoloxías. Sobe e mellora nos hoteis –cerca dun 6%-, mantense estable nas pensións e descende, en cambio, no segmento extrahoteleiro –un 3% nos apartamentos turísticos, un 20% nos cámpings e un 9% nos establecementos de turismo rural-.

- En comparación coas restantes comunidades autónomas a cifra de Galicia sitúase nunha posición intermedia superando os valores de cinco comunidades autónomas. Novamente Canarias –cunha media de 8,1 noites- é o destino que rexistra o valor máis elevado de toda España. Con 4,5 noites sitúase a continuación a C. Valenciana por diante de Baleares e Murcia –ambas cun promedio de 3,6 noites-. No lado contrario é Extremadura o destino que presenta o valor máis baixo con menos de 1,7 noites de media.

Fig. 7. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. regrados. Xaneiro 2018



- Desde o punto de vista da ocupación obsérvase igualmente un comportamento dispar. Sobe e mellora nos hoteis –en máis de tres puntos porcentuais- consecuencia do crecemento da demanda nesta modalidade.
- Mantense a grandes trazos estable nos apartamentos turísticos e nos establecementos de turismo rural –por mor dunha caída da oferta paralela ao descenso da demanda- e descende, en cambio, nas pensións e nos cámpings –circunstancia afectada polo comportamento negativo da demanda-.
- Os hoteis son a modalidade de aloxamento que presentan o nivel de ocupación máis elevado cun 25,0% de media neste mes. No lado contrario, a porcentaxe máis baixa sitúase nos cámpings -cunha ocupación media do 4,3%- e nos establecementos de turismo rural –cun 5,1% neste caso-.